

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.
ACTA NUMERO: 2023/014
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA
DATA: 22 de agosto de 2023.

Na Casa do Concello sendo as 20,05 horas do día **22 de agosto de 2023** reúnese o Pleno en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Daniel VEGA PEREZ** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Polo Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez (Alcalde)
D^a Begoña Sanjurjo Santar
D^a Marta María Saiz García
D^a Montserrat Seijo Díaz (Excusa ausencia)
D. Diego dos Santos Rodríguez
D^a María Elena Sierra Pulpeiro
D. Francisco José Silvent Villalba

Polo Bloque Nacionalista Galego

D. Pablo Vizoso Galdo (Excusa ausencia)
D. Vicente Castro Reigosa.
D. Martin Graña Pérez
D^a Raquel Ferreira Alvarez.
D. Marcos Antonio Villamil Martínez (excusa ausencia)

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey (Disculpa ausencia)

Secretario Xeral:

D. José A. Carro Asorey

Interventora:

D^a Maria Cristina González Santín.

Técnico de Admón. Xeral.

D. José Rodil Veiga



Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR 2023/13 DE 11 DE XULLO DE 2023.

A totalidade dos membros da Corporación presentes recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.- EXPEDIENTE NÚM. 3107/2023 MODIFICACION ORZAMENTARIA 42/2023.SUPLEMENTO DE CRÉDITO 05/2023.

Ponse de manifesto o Ditame da Comisión Informativa de 17 de agosto de 2023, que se transcribe:

“ DITAME.-Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento desta Corporación do exercicio en curso, consistente nun suplemento de crédito por importe de **163607,77€** sendo necesario dotar de consignación orzamentaria suficiente para facer a una serie de gastos do exercicio, con remanente de Tesourería para Gastos xerais.

Considerando o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto o informe da Intervención, de data de asina do documento electrónico.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO

1.- Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno do **SUPLEMENTO DE CRÉDITO 05/2023** por importe de **163607,77 €**, conforme ao seguinte detalle:

INCREMENTO DO GASTO

Funcional	Economica	CONCEPTO	Importe
334	62300	INVERSION- ADQUISICION EQUIPO DE SON	2916,71
165	62300	INVERSION	2117,50
153	62300	INVERSION- GENERADOR	1996,50
151	62600	INVERSION- IMPRESORA ARI	1403,60
454	62500	INVERSION- BANCOS MEDIO RURAL	3289,51



334	62300	INVERSION- PROYECTOR CULTURA	1159,00
334	62300	INVERSION- CARPA	1415,70
231	62500	INVERSION- CARPA	974,05
334	62300	INVERSION- CARPA	1415,70
342	62300	INVERSION- BARANDILLA DEPORTES	2178,00
334	62300	INVERSION- MESA EXPOSITORA	1996,50
454	21300	MANTEMENTO MAQUINARIA DESBROCES	7000,00
432	22699	GASTOS DIVERSOS TURISMO	15000,00
431	48900	PANCHAS- APOIO AO COMERCIO LOCAL SUBVENCION	50000,00
431	22632	PANCHAS -	30000,00
171	22699	GASTOS DIVERSOS- PARQUES E XARDINS	10000,00
153	22199	GASTOS DIVERSOS- VIAS PUBLICAS	10000,00
171	62300	INVERSION- COMPRA DE DESBROZADORAS	5745,00
153	22103	VIAS PUBLICAS- CARBURANTE	5000,00
170	22103	MEDIO AMBIENTE- CARBURANTE	5000,00
171	22103	PARQUES E XARDINS- CARBURANTE	5000,00
		TOTAL	163607,77

INCREMENTO DE INGRESOS

Concepto	Destino	Importe
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	163607,77
	TOTAL	163607,77

1. Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.
2. Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
3. Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.
4. Simultaneamente o envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

A Comisión Informativa por catro votos a favor dos membros do Grupo Popular e dúas abstencións dos membros do Grupo do BNG acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia.”

Promóvese deliberación entre diferentes membros da Corporación, intervindo o Concelleiro D.Vicente Castro Reigosa do Grupo Nacionalista que formula diversas preguntas sobre diferentes extremos do expediente respostándose pola Alcaldía e concelleira delegada Dona Begoña Sanjurjo Santar.

A Corporación, por seis votos a favor (dos membros do Grupo Municipal Popular) e tres abstencións (dos membros do Grupo municipal do BNG), acorda prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

3.- EXPEDIENTE NÚM.3063/2023 FESTIVOS LOCAIS PARA 2024.

Ponse de manifesto o Ditame da Comisión Informativa de 17 de agosto de 2023, que se transcribe:

“ DITAME: ase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:



PROPOSTA DA ALCALDIA

Co obxecto de proceder á fixación de **dous días festivos locais para o ano 2024 e o seu envío a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade** para a elaboración do calendario laboral correspondente da provincia de Lugo para 2024

Esta Alcaldía,

PROPÓN ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Fixar como **festivos locais para o ano 2024** as seguintes datas:

13 de febreiro de 2024 (martes de carnaval).

16 de agosto de 2024 - Venres - festividade de San Roque, co-patrono da Vila “

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa elevación ao Pleno municipal. “

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

4.- EXPEDIENTE NUM. 3115/2023 REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DITAME:Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Unha vez constituída a nova Corporación Municipal o pasado día 17 de xuño de 2023 procede a designación de **representantes municipais en diferentes organismos** nos que se precisa representación desta entidade,

Por isto PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL

Para a representación municipal na Asociación Terras de Miranda que os representantes sexan os seguintes membros da Corporación Municipal de Ribadeo:

Titular: Dona Begoña Sanjurjo Santar

Suplente: Dona Montserrat Seijo Díaz

A Comisión Informativa por catro votos a favor dos membros do Grupo Popular e dúas abstencións dos membros do Grupo do BNG acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia.”



A Corporación, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG acorda prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

5.-EXPEDIENTE NÚM. 2831/2023. REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL SECTOR PESQUEIRO A MARIÑA ORTEGAL.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 17 de agosto que se transcribe:

“ DITAME: Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Unha vez constituída a nova Corporación Municipal o pasado día 17 de xuño de 2023 procede a designación de **representantes municipais en diferentes organismos** nos que se precisa representación desta entidade,

Por isto PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL

Para o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GALP A Mariña-Ortegal que os representantes sexan os seguintes membros da Corporación Municipal de Ribadeo:

Titular: Dona Begoña Sanjurjo Santar

Suplente: Dona Montserrat Seijo Díaz

A Comisión Informativa por catro votos a favor dos membros do Grupo Popular e dúas abstencións dos membros do Grupo do BNG acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia.”

A Corporación, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG acorda prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

6.- EXPEDIENTE NÚM. 2060/2023. PRÓRROGA CONCESIÓN OCUPACIÓN SUPERFICIE DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE CON DESTINO A EMISARIO SUBMARINO NESTE TERMO MUNICIPAL.

Ponse de manifesto o Ditame da Comisión Informativa de 17 de agosto de 2023, que se transcribe:

“ DITAME: Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

D. Daniel Vega Pérez, Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo.

Visto que este Concello de Ribadeo ten outorgada unha concesión por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Orde Ministerial de data 22 de novembro de 2013, para a ocupación dunha superficie de oitocentos vinte dous (822) m² de bens de dominio público marítimo-



terrestre con destino a un emisorio, obras contidas no “Proxecto de Construción da E.D.A.R. de Ribadeo (Lugo)”, referencia CNC10/10/27/0002.

Concesión que fora outorgada por un prazo de 10 anos, podendo ser prorrogado por dous períodos de igual duración, sen sobrepasar o total dos trinta anos, se persisten as razóns de interese público que motivaron a concesión.

Dado que o prazo concedido remata o próximo mes de decembro de 2023 e tendo en conta a necesidade de seguir ocupando os terreos de dominio público marítimo-terrestre destinados ao emisorio submarino de Ribadeo, é polo que, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Solicitar ao Servizo Provincial de Costas en Lugo que, previos os trámites necesarios, se conceda a este Concello de Ribadeo a prórroga da mencionada concesión para a ocupación dunha superficie de oitocentos vinte dous (822) m² de bens de dominio público marítimo-terrestre onde se atopa o emisorio submarino en Ribadeo, TM Ribadeo (Lugo), referencia CNC10/10/27/0002, que fora outorgada por O.M. do 22 de novembro de 2013, polo prazo máximo establecido.

Segundo.- Facultar ao Alcalde do Concello de Ribadeo ou quen legalmente o substitúa para levar a cabo a tramitación necesaria para acadar o fin proposto.”

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa elevación ao Pleno municipal.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

Sendo as vinte horas e trinta e un minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. DANIEL VEGA PÉREZ

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

